



MESA DELEGADA DE DEFENSA NOVEMBRO 2023

CONCURSOS

A Administración informa de que vai convocar un concurso xeral a principios do ano 2024. CIG estando dacordo co citado concurso, expuxemos que se debería dar prioridade a un concurso de arsenais, pois fai máis de dez anos que non se convocan concursos de traslados e entendemos que a posibilidade de mobilidade para este persoal é unha cuestión importante. Propuxemos que antes da oferta de emprego de cada ano se faga un concurso de arsenais para que o persoal poda optar a eses postos vacantes. Fomos os únicos que presentamos esta petición.

SITUACION PROCESOS SELECTIVOS DA OPE 2022

A Administración informa da convocatoria de Científicos superiores. Publicouse os listados de aprobados no BOE.

A promoción interna de Mestres de Arsenais publicarase en breve no BOE. Os Enxeñeiros de Arsenais saíron en BOE os listados de aprobados.

Os Oficiais de arsenais vai con retraso estando pendente o listado de aprobados.

TRABALLO A DISTANCIA.

A Administración quere modificar o plan de Traballo a Distancia. Os cambios son positivos, pois xa non teremos que esperar un ano para poder solicitar o traballo distancia. O resto de sindicatos comentou problemas de determinados postos de traballo para acollerse ao traballo a distancia. Da CIG non temos constancia de problemática para aplicar o traballo a distancia.

PRODUCTIVIDADE.

A Administración informa que 710 funcionarios/as van cobrar a *productividade por obxectivos* cunha cantidade a percibir 410 euros por persoa. CIG segue a insistir outro ano máis que os cálculos están mal feitos, pois a cantidade acordada no seu momento para a *productividade por obxectivos* é de 400.000 euros, e polo tanto as contas non cadran.

A Administración continúa a incumplir a súa propia Instrucción, que non foi negociada. O conxunto dos sindicatos reclamamos que se senten a negociar esta cuestión, pois é unha das competencias da Mesa Delegada.

CIG fixo unha pregunta concreta ao Subdirector de Custes se se vai negociar a Instrucción para o ano 2024, e a Administración contesta que non.

Ante a solicitude de información sobre como se gastan os créditos destinados a Productividade e a Servizos Extraordinarios só se ofrece unha información moi xenérica da que se desprende que hai un centro de Defensa que abrangue a metade dos 6 millóns de € que hai establecidos

nos Orzamentos Xerais do Estado para a Productividade do Ministerio.

MUA (Mellora Unilateral da Administración, para o persoal laboral) 2023.

A Administración informa que o importe da MUA cobrarase no mes de novembro por un importe de 280 euros, a percibir por 6000 traballadores/as, quedando excluídos 1600. A parte social replica que estes datos non son acordes à realidade.

CIG insiste en que a MUA ten que negociarse, pois é un concepto retributivo. A Administración di que non, que é unha mellora unilateral da Administración e a pagan porque queren. CIG replica que xogar con esta lóxica é de moi baixo nivel e a pesar que lle queiran chamar desa maneira non deixa de ser un concepto retributivo, e polo tanto, ten que ser obxecto de negociación, como di o Estatuto dos e das Traballadoras.

Neste punto a Administración informa que existe un contrato co Ministerio de Transición Ecolóxica para o mantemento dos avións que se adican à extinción de incendios, que se vai a facer na base aérea en Albacete , e que se está a mirar a fórmula para pagar ese traballo aos traballadores de Defensa. CIG sorpréndese da naturalidade coa que se presenta este desperpento porque o Ministerio está admitir abertamente que outra vez se van facer traballos fóra da xornada, que esta actividade é máis importante que o mantemento de barcos ou de tanques, etc.

Como sempre, continúan coa política de crear cadros de persoal de primeira e de segunda no mesmo Ministerio

CARREIRA PROFESIONAL DO PERSONAL CIVIL DO DEPARTAMENTO.

A parte social expuxo a problemática dos Corpos Xerais e Específicos, como é o de Arsenais, sobre a baixa calidade retributiva e as poucas posibilidades para facer carreira profesional no mesmo Corpo ao que pertencen.

A Administración despois disto informa que van facer unha reclasificación de 11 postos de Enxeñeiros Técnicos de arsenais , modificando complementos de niveis e específicos, e por suposto con amortización de prazos.

Ante este despropósito, a metade da parte sindical sinalou que non se erguían da mesa por respecto ao novo Subdirector. CIG reclamou que esta cuestión ten que negociarse, é unha obriga de Mesa Delegada e que estas propostas só conleva a creas agravos comparativos entre o propio cadro de persoal dun mesmo Corpo funcional.

Reclamamos que a intención dunha boa reclasificación profesional debe considerar ao conxunto do cadro de persoal de todo o Ministerio e non só duns poucos.